



(R_SER_20)

REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE

HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
28/05/2018	Pleno da Corporación	Aprobación inicial			
24/09/2018	Pleno da Corporación	Aprobación definitiva			
10/10/2018		Publicación	BOP	233	10/10/2018

SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaránse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ soporte@monfortedelemos.es 🌐 www.monfortedelemos.es 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

INDICE

Artigo -1-	3
Artigo -2-	3
Artigo -3-	3
Artigo -4-	3
Artigo -5-	4
Artigo -6-	4
Disposición final	4

Artigo -1-

O Consello Municipal de Saúde é un órgano colexiado de participación comunitaria para a consulta e seguimento da xestión sanitaria no ámbito municipal.

Artigo -2-

1. O Consello Municipal de Saúde estará constituído polos seguintes membros:

Presidente	O Alcalde ou membro da corporación no que delegue
Vicepresidente executivo	O Concelleiro Delegado de Sanidade
Vocais	Un representante de cada un dos grupos municipais integrantes da Corporación Un representante da administración sanitaria do Centro de Saúde e o Hospital Comarcal Un representante designado pola Xunta de Persoal da Área Sanitaria Un representante do Colexio de Médicos da provincia de Lugo Un representante do Colexio de Diplomados en Enfermería da provincia de Lugo Un representante do Colexio de Veterinarios da provincia de Lugo Un representante do Colexio de Farmacéuticos da provincia de Lugo Un representante do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia Dous representantes das asociacións de defensa e de usuarios da Sanidade pública Dous representantes dos pedáneos elixidos entre eles Dous representantes das asociacións veciñais da cidade
Secretario	Será o do Concello ou funcionario municipal no que delegue

Se algunha administración, Colexio profesional ou Entidade non designara representante, o Consello constituírase cos representantes designados, conformando estes o 100% do Consello.

2. O presidente terá as seguintes funcións:

- Ostentar a representación do Consello que preside.
- Convocar as sesións, presidilas e moderar o desenvolvemento do debate.
- Formular a orde do día das reunións.
- Ordenar a publicación dos acordos, no seu caso, e dispor o seu cumprimento.

3. A vicepresidencia 2ª recaerá necesariamente nun representante cidadán.

4. O voto dos membros do pleno será persoal e non delegable; recoñecéndose o dereito dos discrepantes a formular votos particulares.

5. As reunións do Consello poderán asistir en calidade de asesores aqueles especialistas, expertos, membros de asociacións profesionais, de asociacións de afectados, que a presidencia estime oportuno ou a proposta da maioría dos membros do Consello, que participarán con voz pero sen voto.

Artigo -3-

Os membros do Consello Municipal de Saúde serán designados polo Pleno do Concello, por maioría simple.

Artigo -4-

1. O Consello Municipal de Saúde reunirse, ordinariamente, unha vez por ano e, con carácter extraordinario, por convocatoria do seu presidente ou cando así o solicite a metade máis un dos seus membros.

2. Para a válida constitución do Consello requírese, en primeira convocatoria, a presenza da metade máis un dos seus membros. En segunda convocatoria poderá constituírse, media hora máis tarde, coa presenza de alomenos un tercio dos seus membros.

3. Os acordos adoptaranse por maioría simple.

4. De cada reunión que se celebre levantarase un acta.

5. O Consello Municipal de Saúde poderá formar no seu seo algunha comisión de estudo que considere conveniente, diante dunha problemática que afecte á Sanidade pública.

Artigo -5-

Unha vez constituído o Consello Municipal de Saúde, poderá dotarse dun regulamento interno de funcionamento que deberá ser ratificado polo Pleno da Corporación.

Artigo -6-

Son funcións do Consello Municipal de Saúde:


- a) Estudar a situación sanitaria e os seus problemas no ámbito do concello.
- b) Emitir informes, por iniciativa propia ou dos órganos de goberno municipal, sobre materias da súa competencia.
- c) Elevar propostas e informes aos órganos de dirección e de representación da Área de Saúde e ao Servicio Galego da Saúde.
- d) Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ao Concello, para seren debatidas nas comisións informativas municipais correspondentes, e darlles traslado as Administracións competentes.
- e) Promover a participación comunitaria en temas de saúde.

Disposición final

De conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local o presente regulamento entrará en vigor logo de publicado integramente o seu texto e de transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 do mesmo texto legal.

Monforte de Lemos, 25 de setembro de 2018.

O Alcalde,



José Tomé Roca